**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 28 DE MAIO DE 2026.**

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 26.03.2026, SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 23.04.2026 E SESIÓN ORDINARIA DE 30.04.2026......2

2. INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO FAVOR DE DON MANUEL PEREIRA ABUÍN......4

3. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: INSTAR A XUNTA DE GALICIA A ACTUAR ANTE O AUMENTO DA PRESENZA DE XABARÍS EN ZONAS URBANAS E PARROQUIAS......7

4. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE EN DEFENSA DOS SERVIZOS PÚBLICOS......9

5. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2026......13

6. DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA ISPA 2026 (RETRIBUCIÓNS 31/12/2025)......13

7. ASUNTOS DE URXENCIA......14

8. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES......14

9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA......14

10. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS......20

10.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DE DÍA 28-05-2026......20

10.2. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG......22

10.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP AO PLENO DE 28-05-2026......22

10.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP......24

REMATE DA SESIÓN......24

DILIXENCIA DE APROBACIÓN......24

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 28 DE MAIO DE 2026.**

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:
Dª María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández (PsdeG-PSOE)
D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).
Dª Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).
Dª Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
Dª. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)
Dª María del Rocío Pena Pena (BNG)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)
Dª Montserrat Pico Rodeiro (PP)

A Secretaria accidental:
Dª María Roca Vázquez

A Interventora municipal
D. Lucía Varela Martínez

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e oito de maio de dous mil vinte e seis, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria accidental e a Interventora municipal.

A Presidencia abre a sesión.

**1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 26.03.2026, SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 23.04.2026 E SESIÓN ORDINARIA DE 30.04.2026**

A secretaria accidental da lectura á proposta de alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*Expediente TEDeC: 2026/G006/0000140*

*Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:*

***SESIÓN ORDINARIA DE 26.03.2026***
***SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 23.04.2026***
***SESIÓN ORDINARIA DE 30.04.2026***

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

***PRIMEIRO**. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:*

***SESIÓN ORDINARIA DE 26.03.2026** (borrador asinado o día 29.04.2026)*
***SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 23.04.2026** (borrador asinado o día 25.05.2026)*
***SESIÓN ORDINARIA DE 30.04.2026** (borrador asinado o día 25.05.2026)*

***SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro".*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sometese a votación os borradores das actas presentadas por separado.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión ordinaria de 26.03.2026 (borrador asinado o día 29.04.2026), quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes **(9 PSOE, 2 BNG e 2 PP),** o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA DE 26.03.2026** (borrador asinado o día 29.04.2026)

**SEGUNDO**.-. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión extraordinaria e urxente de 23.04.2026 (borrador asinado o día 25.05.2026), quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DOCE VOTOS A FAVOR (12),** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, Dª. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, Dª. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e Dª Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e Dª Rocío



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Pena Pena; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro do grupo municipal do PSOE D. Daniel Ríos Fernández, por non estar presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación; o **ACORDO** seguinte**:**

**PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 23.04.2026** (borrador asinado o día 25.05.2026)

**SEGUNDO**.-. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión ordinaria de 30.04.2026 (borrador asinado o día 25.05.2026), quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DOCE VOTOS A FAVOR (12),** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, Dª. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e Dª Rocío Pena Pena; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** da concelleira do grupo municipal do PSOE Dª Manuela García Fachal, por non estar presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación; o **ACORDO seguinte:**

**PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA DE 30.04.2026** (borrador asinado o día 25.05.2026)

**SEGUNDO**.-. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

**2. INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO FAVOR DE DON MANUEL PEREIRA ABUÍN.**

A secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de dia 25.05.2026, que se transcribe a continuación:

***<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***
***SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 25 DE MAIO DE 2026***
***EXPDTE: 2026/G012/000012***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

***2. INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO A FAVOR DE DON MANUEL PEREIRA ABUÍN.***

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DA ALCALDÍA***

***Asunto: PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO A FAVOR DE DON MANUEL PEREIRA ABUÍN.***

*Don Manuel Pereira Abuín, nado en Becerreá en 1950 chegou ao noso concello no ano 1982 para exercer o seu labor profesional.*

*Durante máis de 30 anos, non só desempeñou o seu cargo como facultativo, senón que se integrou plenamente na vida social e cultural de Pontedeume, demostrando un arraigamento e un cariño moi especial pola nosa terra.*

*O seu traballo como médico no noso pobo, foi cualificado por centos de veciños como extraordinario; transcendendo na gran maioría de casos a relación médico-paciente, cunha implicación e entrega humana difícil de igualar.*

*O doutor Pereira, logrou un desempeño persoal e profesional tal, que anos despois da súa retirada, segue vixente no recordo dos nosos veciños, que lle seguen agradecendo cada vez que teñen ocasión o seu labor en todos estes anos.*

*Atender os seus pacientes fóra do seu horario de traballo, na súa propia casa ou nos propios domicilios, engadindo incontables horas á súa xornada laboral durante practicamente toda a súa carreira.*

*Levar, en ocasións, aos seus pacientes no seu propio coche aos servizos de urxencias pola complicación da situación, visitas ao hospital para ver os seus pacientes ingresados (situación que se segue facendo a día de hoxe),*

*Participou, ademais, no gran crecemento que experimentou o centro de saúde de Pontedeume, sendo xefe de servizo durante varios anos, promovendo durante anos a formación continuada de residentes no noso municipio. Neste período, o noso centro de saúde foi finalista dos premios "Best In Class" en 2012, uns premios cun gran prestixio a nivel nacional, e nos que o centro de Pontedeume foi ademais o único centro nomeado de toda a comunidade galega.*

***Fundamento da Petición**: Considerando que o Regulamento de Honras e Distincións deste Concello contempla a figura de Fillo Adoptivo para aquelas persoas que, non nacendo na localidade, destacasen polos seus méritos privados ou polos servizos prestados en beneficio do municipio.*

*Logo do exposto,*

***DISPOÑO:***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

***UNICO:** Iniciar o procedemento e dar curso aos trámites necesarios conforme ao Regulamento de aplicación co fin do nomeamento de FILLO ADOPTIVO a favor de don MANUEL PEREIRA ABUÍN, como xusto recoñecemento á súa intachable traxectoria e ao inmenso legado de servizo de deixou na nosa comunidade.*

*A Presidencia abre a quenda para o debate*

*...//...*

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita**, POR UNANIMIDADE,** dos concelleiros e concelleiras presentes (5 PSOE, 1 BNG e 1 PP)>>.*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o **sr. Presidente** que di que nos anos 2017 ou 2018 xa se iniciara un expediente para abordar este nomeamento, pero que xurdiran discrepancias e ao final quedou paralizado; que agora entenden que volve a existir unha demanda importante da maior parte da cidadanía do concello, que entende que hai méritos suficientes para o seu outorgamento, sobre todo, a preocupación que sempre mostrou polas persoas, máis alá da consulta, e máis alá da súa xubilación; polo que decidiron volver a incoar a tramitación deste nomeamento.

Pregunta **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, que pregunta que tipo de maioría se necesita para acadar o acordo, se é maioría absoluta.

Responde o **sr. Presidente** que se modificou o regulamento e se exixe maioría absoluta; pero entende que nun expediente deste tipo o mellor sería que todos os grupos que representan a cidadanía estivesen de acordo.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que o seu grupo vai votar a favor desta incoación; e pide que cando se traia a proposta de nomeamento a Pleno sexa previamente consensuada polos grupos políticos.

Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes **(9 PSOE, 2 BNG e 2 PP),** o **ACORDO** seguinte:

**UNICO**: Iniciar o procedemento e dar curso aos trámites necesarios conforme ao Regulamento de aplicación co fin do nomeamento de FILLO ADOPTIVO a favor de don MANUEL PEREIRA ABUÍN, como xusto recoñecemento á súa intachable traxectoria e ao inmenso legado de servizo de deixou na nosa comunidade.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

**3. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: INSTAR A XUNTA DE GALICIA A ACTUAR ANTE O AUMENTO DA PRESENZA DE XABARÍS EN ZONAS URBANAS E PARROQUIAS.**

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura a moción presentada.

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Nos últimos meses Pontedeume vén sufrindo un incremento moi significativo da poboación de xabarís, converténdose esta situación nun grave problema ambiental, agrícola e de seguridade cidadá*

*A proliferación desta especie provocou un aumento constante da súa presenza en zonas habitadas, achegándose cada vez máis ao núcleo urbano, parroquias e vivendas particulares, onde os animais buscan alimento con total habituación á presenza humana. Esta realidade, que hai anos era excepcional, converteuse nun fenómeno habitual no noso municipio.*

*Segundo datos oficiais e información publicada por distintos medios e organismos, en Galicia rexistráronse nos últimos anos miles de incidencias relacionadas cos xabarís. Só no ámbito agrícola producíronse arredor de 3.900 reclamacións anuais por danos en cultivos, afectando a máis de 1.600 hectáreas e xerando perdas económicas millonarias para agricultores e gandeiros.*

*Do mesmo xeito, os accidentes de tráfico provocados pola irrupción destes animais nas estradas incrementáronse de maneira alarmante. En Galicia contabilizáronse preto de 3.800 accidentes anuais relacionados con xabarís, sendo a especie que máis sinistros provoca nas vías galegas. Só na provincia da Coruña rexistráronse máis de 1.000 accidentes nun único ano.*

*A propia Xunta de Galicia recoñeceu oficialmente esta problemática mediante a declaración reiterada de emerxencias cinexéticas temporais en numerosas comarcas galegas, motivadas polos graves danos ocasionados polo xabaril tanto na agricultura como pola súa crecente presenza en zonas periurbanas e urbanas.*

*Ademais dos danos materiais e económicos, esta situación está a provocar unha crecente preocupación entre a veciñanza debido ao risco que supón a presenza destes animais nas rúas, parques, estradas e arredores das vivendas do noso concello. Os xabarís causan desperfectos en xardíns, fincas, etc; chegando incluso a acceder a espazos frecuentados pola cidadanía, o que incrementa notablemente a sensación de inseguridade, especialmente entre persoas maiores, menores e viandantes.*

*Ante esta realidade, resulta evidente que os concellos non poden afrontar en solitario unha problemática que excede claramente as súas competencias e capacidades. Corresponde á Xunta de Galicia, como administración competente en materia de fauna salvaxe, medio ambiente e control cinexético, adoptar medidas eficaces, coordinadas e suficientes para controlar esta situación e garantir a seguridade da poboación.*

*Considérase pois necesario instar á Xunta de Galicia a actuar de maneira inmediata e contundente ante o aumento descontrolado da presenza de xabarís no noso municipio.*
*Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Pontedeume*

*ACORDA*

1. *Instar á Xunta de Galicia a que execute de maneira inmediata e efectiva as súas competencias en materia de control da poboación de xabarís, ante o grave incremento da súa presenza en zonas urbanas, parroquias e arredores de domicilios de Pontedeume.*

2. *Solicitar á Xunta de Galicia a adopción dun plan específico de actuación para o control e redución da presenza destes animais nas áreas habitadas, incrementando as medidas de prevención e captura cando sexa necesario.*

3. *Dar traslado desta moción á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería competente en materia de Medio Ambiente".*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para anunciar o voto favorable do seu grupo.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, que di que non lle parece un asunto para unha moción, considera que o mellor sería un diálogo entre os afectados, Xunta, Concellos, cazadores para intentar atallar este problema. A Xunta xa ten medidas implantadas que moitas veces nos se queren acoller ás mesmas; as gaiolas, a apertura da caza todo o ano, realizar autorización de batidas extraordinarias, e pregunta cantas destas se pediron dende Pontedeume, e se auto responde que ata hai uns días non se pedira ningunha, e que o problema xa existía.

Toma a palabra o **sr. Presidente** para dicir que o que se pide na moción e que a Xunta execute de maneira inmediata as súas competencias de control da poboación do xabaríl; a Xunta di que che da gaiolas para collelos, pero que pasa logo... quen ten que sacrificar o animal, quen ten que envialo a incinerar... quere que o concello asuma máis gastos en competencias que non lle corresponden. Continua dicindo que comparte a reflexión de que hai que ter un pacto entre as partes implicadas, pero o que piden neste momento é que a Xunta actúe de inmediato logo de ver os danos que nos últimos meses está provocando o xabaril no noso Concello, danos en cultivos e incluso en zonas públicas... Di que o Concello falou con persoal do coto e que estes solicitaron dúas batidas que lles foron autorizadas pola Xunta de Galicia, e entende que o Concello xa puxo da súa parte e que non ten competencias; que a moción non vai contra ninguén, só se está pedindo a Xunta que cumpra, que é necesario que se faga unha política preventiva de control de especies, que houbo modificacións na Lei de caza, na lei de benestar animal, con modificación importantes para o sector, que ao final avivaron este problema.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Intervén a **sra. Pico** para dicirlle ao sr. Presidente que se está contradicindo, xa que por un lado pide medidas á Xunta de Galicia, e por outro admite que se deron batidas extraordinarias, polo que a Xunta xa está cumprindo; di que é moi difícil de controlar a poboación de xabaril.

Responde o **sr. Presidente** que antes os xabarís non estaban na zona urbana, si no rural pero non como están agora que case chegan á porta das casas, que houbo modificación na Lei de caza que inflúe directamente, asi como a redución do número de cazadores, o abandono do rural, os tipos de plantación que se fan nos montes... e todo o que inflúe non é competencia do Concello; é competencia da Xunta que ten que adoptar medidas de máis calado que inclúa distintos ámbitos de actuación para dar solución a un problema que hai dez anos non existía. Reitera que non é unha moción que exixe a quen ten competencias.

Intervén a **sra. Bellón** que di que as batidas autorizadas tampouco son a solución, porque moitas veces espantan o xabaril dun sitio pero vai para outro; e ao cabo duns días volven.

Toma a palabra a **sra. Pico** para concluír que ten que existir un consenso entre afectados, concellos, asociacións de cazadores.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11),** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e Dª. Ángela Piñeiro Carrera e Dª Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e Dª Rocío Pena Pena; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO seguinte**

1. *Instar á Xunta de Galicia a que execute de maneira inmediata e efectiva as súas competencias en materia de control da poboación de xabarís, ante o grave incremento da súa presenza en zonas urbanas, parroquias e arredores de domicilios de Pontedeume.*

2. *Solicitar á Xunta de Galicia a adopción dun plan específico de actuación para o control e redución da presenza destes animais nas áreas habitadas, incrementando as medidas de prevención e captura cando sexa necesario.*

3. *Dar traslado desta moción á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería competente en materia de Medio Ambiente".*

**4. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE EN DEFENSA DOS SERVIZOS PÚBLICOS.**

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura a moción presentada.

***"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*Os servizos públicos son unha ferramenta esencial para garantir a igualdade de oportunidades, a cohesión social e territorial e a calidade de vida da veciñanza. A sanidade pública, o ensino público e o transporte son dereitos básicos que deben prestarse con criterios de proximidade, calidade e suficiencia, especialmente en vilas e comarcas como a nosa.*

*Porén, nos últimos anos vense producindo un progresivo deterioro destes servizos en Galicia como consecuencia da falta de planificación, investimento e xestión adecuada por parte da Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias.*

*No ámbito sanitario, a veciñanza de Pontedeume e da comarca sofre de maneira recorrente a falta de profesionais na atención primaria, dificultades para obter citas médicas en prazos razoables e unha crecente sobrecarga dos centros de saúde.*

*En materia educativa, o ensino público continúa padecendo insuficiencia de recursos humanos e materiais, ao tempo que os concellos deben asumir gastos crecentes para garantir o mantemento e conservación de centros escolares con moitos anos de antigüidade (333.770€ para o ano 2026).*

*O Concello de Pontedeume leva ademais anos asumindo un importante esforzo económico para soste-lo funcionamento da escola infantil municipal, un servizo fundamental para a conciliación das familias, sen contar cun financiamento suficiente por parte da Xunta de Galicia. O Concello destina o 78% do custe total do servizo fronte á achega da Xunta de Galicia , que supón só o 22% .*

*No relativo ao transporte público, continúan existindo conexións insuficientes e horarios pouco adaptados ás necesidades reais da veciñanza, afectando especialmente á mocidade, ás persoas maiores e ás parroquias.*

*Esta situación provoca que os concellos teñan que asumir competencias e custos impropios ante a falta de resposta da administración autonómica, comprometendo a súa capacidade financeira e a prestación doutros servizos municipais.*

*Por todo o anteriormente exposto, o Pleno do Concello de Pontedeume adopta os seguintes:*

*ACORDOS*

1. *Manifestar o compromiso do Concello de Pontedeume coa defensa dos servizos públicos e reclamar á Xunta de Galicia o reforzo da sanidade pública, do ensino público e do transporte*

2. *Instar á Xunta de Galicia a asumir un maior compromiso económico co financiamento da escola infantil municipal e co mantemento e conservación dos centros educativos públicos do municipio.*

3. *Demandar á Xunta de Galicia que deixe de trasladar aos concellos responsabilidades e custos impropios sen o correspondente financiamento.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

4. *Dar traslado desta moción á Presidencia da Xunta de Galicia e ás consellerías competentes.*

Continúa a **sra. Bellón** dicindo que xa se falou moito tempo destes problemas, con mocións independentes, pero que non reciben respostas e os problemas seguen ahi, polo que di que seguen insistindo ante a Xunta de Galicia para que cumpra as súas competencias.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que di que concordan coa moción presentada, que a diferencia da anterior, ven nesta moción un enfoque partidista, xa que se omiten cousas en función da administración que lle toque; di que no tema do transporte as reclamacións tamén deben ser dirixidas ao Estado, xa que o ferrocarril e a súa competencia. Di tamén que lles parece unha incongruencia que se defenda os servizos públicos, cando o Concello está a privatizar servizos como é do axuda no fogar, di que non quere reabrir o debate pero ao final o que se fai é dar a razón a política da Xunta, que tamén esta privatizando moitos servizos e sempre se xustifican na falta de medios.

Neste momento debaten os grupo do PSOE e do BNG sobre a modificación do punto primeiro de acordo da moción, que sería ao final:

*1. Manifestar o compromiso do Concello de Pontedeume coa defensa dos servizos públicos e reclamar á Xunta de Galicia o reforzo da sanidade pública, do ensino público así como á Xunta e ao Estado o financiamento do servizo de axuda no fogar e do transporte público*.

Intervén o **Sr. Presidente** para volver a reiterar que a incongruencia manifestada polo sr. Curbeira, que non fan o mesmo que a Xunta porque está non ten problemas para contratar persoal, o pode facer en calquera momento mentres que o concello non pode contratar pola taxa de reposición, que xa se explicou, e aportou un informe dos servizos sociais que indican que cos medios actuais non é posible atender a alta demanda existente, e na xardinería pasa igual, unha soa persoa non é capaz de atender todas as zonas axardinadas do concello, e agora estes servizos van ser prestados de xeito legal.

Intervén o **sr. Curbeira** para dicir que o goberno tamén amortizou prazas na RPT que xa non se poderán cubrir aínda que a taxa de reposición desapareza.

Responde o **sr. Presidente** que non é certo, que na RPT hai prazas de peóns que estan sen cubrir porque non se pode, que non se convocaron porque a nova lei de contratos obrigou a crear un departamento de contratación, e que coa taxa de reposición que tiñamos, se optou por convocar prazas para este novo departamento, pero é necesario amortizar para crear xa que a masa salarial do concello tamén hai que cumprir, di que a externalización dos servizos non ten nada que ver con privatización encubertas.

Intervén o **Sr. Curbeira** para dicir que é unha cuestión de organización e xestión de recursos, que o goberno optou por amortizar prazas de traballadores para que o traballo o



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
Versión imprimible
CVD: jg9mGKEo7qRHSC9uuRbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

faga un cargo político, que non se pode comparar nin confundir a xestión técnica coa xestión política.

Continúan debatendo sobre a taxa de reposición, a RPT e a externalización dos servizos e a responsabilidade do Estado neste asunto, e comparando con gobernos doutros concellos. Logo do debate propoñen engadir un novo punto a moción, que sería:

- *Instar a todos os grupos políticos con representación no Congreso dos deputados a derogar a lexislación en materia de taxa de reposición.*

Neste momento comeza un debate sobre o aumento do gasto militar e o veto a construción naval, que segundo manifesta o **sr. Curbeira** vai en detrimento do resto dos servizos públicos.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para propoñer unha nova emenda á moción engadindo o seguinte punto:

*Instar ao goberno de España ao cumprimento ca palabra dada na Conferencia de Presidentes de xuño de 2025, comprometéndose a repartir 175 millóns de euros de fondos europeos para financiar a gratuidade da educación de 0 a 3 anos.*

Intervén o Sr. Presidente que no é coñecedor deste compromiso e propón facer o punto máis xenérico, do seguinte xeito.

*Instar ao goberno de España ao cumprimento dos compromisos adquiridos nas Conferencia de Presidentes*

Sen máis intervencións sométese a votación a moción emendada polos distintos grupos políticos, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE,** dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP); o **ACORDO** seguinte**:**

1. Manifestar o compromiso do Concello de Pontedeume coa defensa dos servizos públicos e reclamar á Xunta de Galicia o reforzo da sanidade pública, do ensino público e do transporte.

2. Reclamar ao Estado a inversión no transporte público por ferrocarril na comarca así como unha maior inversión no SAF como servizo público prioritario.

3. Instar á Xunta de Galicia a asumir un maior compromiso económico co financiamento da escola infantil municipal e co mantemento e conservación dos centros educativos públicos do municipio.

4. Demandar á Xunta de Galicia que deixe de trasladar aos concellos responsabilidades e custos impropios sen o correspondente financiamento.

5. Dar traslado desta moción á Presidencia da Xunta de Galicia e ás consellerías competentes.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 18/09/2026 11:08:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 18/09/2026 11:43:00)
